

## **Modificacións da P. D. da materia de INTRODUCCIÓN AO JAZZ**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de INTRODUCCIÓN AO JAZZ para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia dos criterios de avaliación da PD en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso. Non se incluírán os contidos correspondentes ao segundo trimestre (o blues, rhythmchanges, etc.) detallados na programación.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sufren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, CentrosNet, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

Poderase programar a realización de audicións por medios telemáticos similares aos empregados no desenvolvemento da docencia do terceiro trimestre.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

O alumnado que non asistiu ás clases e non foi avaliado positivamente nos trimestres anteriores será convocado á realización dunha proba segundo está detallado na programación didáctica. Adaptarase a realización desta proba aos medios telemáticos citados.